



PROGRAMA DE SEGUIMIENTO DA AVIFAUNA NIDIFICANTE NAS ÁREAS AFECTADAS POLOS MEGAINCENDIOS DO ANO 2025

Moitas grazas polo teu interese en participar como voluntari@ neste programa de seguimento. O obxectivo principal deste estudo é avaliar a resposta da comunidade de aves nidificantes (paseriformes e grupos afíns) aos grandes incendios forestais que afectaron a diversas zonas de Galicia no verán de 2025. Para iso, realizaranse censos de aves mediante estacións de escoita (EE) durante a época reprodutora, dentro de cuadrículas UTM de 500 metros situadas en distintos tipos de hábitat afectados por diferentes graos de severidade do lume. O aspecto máis relevante deste programa é o seu carácter temporal, xa que a resposta das aves ao lume cambia co paso do tempo e, na actualidade, apenas se dispón de datos empíricos sobre a súa evolución a medio e longo prazo. Por este motivo, resulta fundamental repetir o seguimento cada ano, durante o maior número de campañas posible. A túa participación contribúe directamente á xeración de coñecemento esencial para a conservación das aves e para a xestión dos ecosistemas afectados por un réxime de incendios cada vez máis extremo e cambiante.

1. O PRIMEIRO QUE DEBES SABER

No arquivo *html* que se adxunta, atoparás un mapa da zona de estudo dividida en cuadrículas UTM de 500 m. Aconséllase seleccionar un mínimo de **8 cuadrículas** e realizar en cada unha delas unha EE de **5 minutos** de duración. Este constitúe o esforzo mínimo de mostraxe recomendado por xornada.

Cada EE debes situala dentro da cuadrícula seleccionada e nun hábitat homoxéneo (ver guía de codificación). A EE deberá localizarse a un mínimo de 30 m do límite do tipo de hábitat elixido. É moi importante que a localización de cada EE a manteñas constante en todos os anos nos que participes no programa.

2. CANDO REALIZAR A VISITA

O período de mostraxe recomendado abrangue entre o **15 de abril** e o **30 de xuño**. Todas as EEs deben completarse nas **4 horas seguintes ao abrente**, escollendo días con boas condicións de detección: vento suave (<10 km/h), sen choiva e sen presenza de néboa.

3. COMO REALIZAR A VISITA

- Esforzo de mostraxe

Estímase un esforzo mínimo de **8 EEs por xornada**. Cada EE terá unha duración de **5 minutos**, precedidos por un minuto de asentamento durante o cal non se rexistrarán observacións. Se @observador@ o considera viable, o esforzo poderá ampliarse ata un máximo de 15 EEs, sempre localizadas en 15 cuadrículas UTM distintas. Non existe un límite máximo de xornadas para participar no programa.

- Localización de cada EE

Rexistra a localización exacta (coordenadas UTM) de cada EE utilizando un GPS manual, Google Earth ou algunha aplicación móbil, asegurándote de que as coordenadas pertencen á cuadrícula seleccionada no mapa da zona de estudo. Lembra situar a EE nun hábitat homoxéneo e a unha distancia mínima de 30 m do bordo do tipo de hábitat elixido.


- Rexistros das EEs

- Emprega o modelo da **ficha de campo** proporcionado para rexistrar todas as **aves vistas e/ou escoitadas**, clasificándoas en dúas bandas de detección:
 - **Banda 1:** contactos dentro dun radio de 30 m
 - **Banda 2:** contactos entre 30 m e 100 m
- Quedarán **excluídas** da mostraxe as **rapaces diúrnas e nocturnas, gaivotas, gaivinas, carráns, limícolas, ráldos, anátidas, garzas, andoriñas e cirrios**.
- Anota a data e a hora de inicio de cada EE.
- Emprega os **códigos de especies** proporcionados ao final do modelo da ficha de campo.

- Consideracións importantes

- Evita **dobres contaxes**: non rexistres dúas veces o mesmo individuo se se desprazou durante o transcurso da EE.
- As aves que voen sobre a EE sen posarse dentro dun radio de 100 m arredor d@observador@ non deben anotarse.
- Se ao aproximarte á EE algún exemplar levanta o voo, debes rexistralo indicando expresamente esta circunstancia.
- Se detectas un canto, un reclamo ou un avistamento non identificado, debes anotalo como **especie descoñecida** (EsDes). Unha vez rematados os 5 min., é válido agardar unicamente para tratar de identificar ese contacto non recoñecido, pero sen rexistrar novos contactos adicionais.
- Lembra que unha EE sen rexistros é igual de valiosa que outra con numerosas deteccións.

5 min



4. REXISTRO DO HÁBITAT

Rexistra o tipo de hábitat de cada EE todos os anos nos que participes na mostraxe, empregando os códigos da **Guía para a Codificación de Hábitats**. Recoméndase facelo inmediatamente despois de finalizar cada EE.

5. ENVÍO DE DATOS

Como participante no programa recibirás un enlace que che dará acceso a un arquivo Excel dispoñible en liña para introducir os datos directamente. Agradecemosche que completes e envíes a información o antes posible unha vez finalizada a túa tempada de mostraxe.

¡¡Gracias por participar nesta mostraxe!!

***Se tes algunha dúbida sobre calquera cuestión relacionada con este programa, podes dirixirte a estes correos f.garcia@mbg.csic.es aregos@mbg.csic.es**



Departamento de Investigación de Ecología del Paisaje. Avenida de Vigo s/n, Campus Vida. 15705
Santiago de Compostela